

Ubaldo Cerqueiro - 24 Febreiro 2012 - 09:05 |

Unha polos 175 anos de Rosalía de Castr o dende Muxía e a
Bar banza



Nova imaxe descuberta de Rosalía de Castro por Ramón Torrado -
Fonte- Certo, Xornal da Barbanza

O país enteiro celebra hoxe o 175 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Así o recoñece ata o twitter onde [Rosalía de Castro](#) é trending topic.

Se por [Ponteceso os alumnos teñen sesión de achegamento á poeta](#), hoxe queremos traer unha nova fotografía que veñen de descubrir os compañeiros de [Certo, Xornal da Barbanza](#). Da man de Ramón Torrado (non perdades [texto publicado en Certo](#)) o país disfruta dunha nova e fermosa foto desta figura histórica.

Máis apoios na bisbarra



O Concello de Muxía agasalla aos alumnos un libro de Rosalía Fernández Rial

O Concello de Muxía quere unirse á celebración do Día de Rosalía, agasallando aos centros educativos do municipio cunha rosa e un libro, neste caso doutra Rosalía, a poeta muxiá Rosalía Fernández Rial, levando así aos mozos e mozas a lembranza da figura de Rosalía de Castro, a muller que dotou de voz propia ao noso país e converteuse no mito máis relevante e universal da Galicia moderna, xunto aos versos dunha moza muxiá como exemplo das novas xeneracións na creación literaria en galego.